

A Coruña porá xogos inclusivos nos parques infantís



Páxina 5

Bugallo aposta por un parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños



Páxina 8

Expolugo ten un rocódromo para a práctica da escalada



Páxina 15

A Xunta propón crear unha autovía desde Portugal ata A Gudiña



Páxina 17



Monforte: sede Asemblea Confederación Española Consellos Reguladores Vitivinícolas

Páxina

Entrevista



Juan Ignacio Codina, xornalista

“A humanidade irá refinando as súas preferencias e pouco a pouco o espectáculo taurino irá desaparecendo”

Páxina 10



Monforte, capital da Ribeira Sacra



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Crítica dunha sentenza inxusta (I)

A primeira crítica á sentenza do procés do Tribunal Supremo (TS) é a extrema duración das penas de prisión impostas aos nove presos e presas soberanistas cataláns: entre 9 e 13 anos de prisión. Moi superiores ás impostas a todos os condenados no 1983 polo 23-F, agás Tejero, Miláns e Armada, tendo en conta ademais que aquelas eran redimíbeis parcialmente e éstas non.

Os presos políticos foron absoltos do delito de rebelión, ao considerar que as súas fins non eran de subversión constitucional. Mais deste xeito ceden os argumentos de gravidade delictiva para manter a prisión preventiva todo este tempo e para inhabilitar “preventivamente” como deputados estatais a algúns dos procesados por rebelión presos (artigo 384 bis Código Penal).

Porén, o máis grave foi a atribución da competencia ao TS no canto do Tribunal Superior de Xustiza de Catalunya (TSJC), competente polo aforamento dos acusados. Se chega resolver o TSJC, os condenados terían dereito a unha segunda instancia de revisión, garantía da que agora non desfrutan. Manda truco, porque xusto a competencia do TS baseouse na trascendencia estatal dos feitos axuizados, por mor desa suposta agresión constitucional que agora desbotou o TS.

Ver un delito de sedición nos feitos do 20-S 2017 (supostamente dirixidos a impedir un rexistro xudicial na Consellería de Economía) e nos do 1-Ou (supostamente dirixidos a impedir a orde xudicial do TSJC de suspensión do referéndum) é tan discutíbel como que o rexistro do 20-S levouse adiante,

sen ningunha caste de violencia física e como que a orde do TSJC ordenou proporcionalidade no seu cumprimento, que foi a que desenvolveron os Mossos para pechar un grande número de mesas. Se existiu violencia nas mesas electorais do 1-Ou foi pola ilegal desproporcionalidade despregada polas policías ao mando do Goberno Rajpy no cumprimento desa orde. Violencia

arestora investigada en varios xulgados da Catalunya.

Os presos políticos foron condenados, en realidade, por razóns políticas. Por convocaren sen ser competentes un referéndum. Mais esta conduta deixou de ser delito no 2005, logo dunha reforma puntual do CP promovida por Zapatero.

Xa que logo, estamos diante dunha sentenza non xurídica, senón decidida en clave de política represiva. Nomeadamente grave no caso de Carme Forcadell, que nin convocou nada, nin dispuxo gasto ningún nin fixo máis que regular un debate político como presidenta dunha Cámara parlamentaria.



Crítica dunha sentenza inxusta (II).

Na primeira xeira deste artigo non albiscábase a conexión entre os feitos do 20-S na Consellería de Economía da Generalitat e os incidentes nos colexios electorais o 1-Ou e o delito de sedición. Mais, á vista dos termos da sentenza do TS, o problema está na propia definición dese delito.

Dende 1995, a rebelión atende á violencia dirixida á subversión constitucional e a sedición á violencia dirixida a impedir a aplicación da lei ou das resolucións administrativas e xudiciais. A redacción do delito é absolutamente indeterminada e interpretábel. De feito

este delito de sedición foi derogado hai xa 50 anos na Alemaña e constitúe un elemento extraño á comunidade xurídica europea.

A sentenza do TS interpreta por primeira vez a sedición dende a vixencia do CP 1995 e faino nun sentido claramente limitativo das liberdades, nomeadamente a de manifestación. A restrición da liberdade é tan grave que no futuro poderase condenar por sedición ás persoas que baixen á rúa para protestar contra despexos, regulacións de emprego e despedimentos, medidas cautelares de cárcere, copagamentos sanitarios, suba do prezo

de servizos públicos...A nova interpretación xurisprudencial e máis a “lei mordaza” (vixente por mor da inutilidade da esquerda española) restrinxirá substancialmente os nosos dereitos. Non se trata xa de independencia, senón de liberdade.

Canto á malversación, o ex ministro de Facenda estatal, Cristóbal Montoro, negou de todo calquera aplicación de fondos da Generalitat ao referéndum do 1-Ou. Ninguén mellor ca él para sabelo, pois que controlou directa e rigorosamente todos os gastos da Administración catalá entre o 13-S de 2017 até fins de maio de 2018. Na sentenza do TS considéranse malversacións propostas de gasto nunca concretadas, axudas de custo de convidados do Diplocat (organismo consorcial au-

tónomo da Generalitat) ou o uso de centros cívicos na fin de semana. A malversación requiría neste caso dun uso manifestamente ilegal dos cartos da Generalitat no prexuízo do seu patrimonio. Non meras dúbidas de legalidade administrativa no exercicio da administración do erario público.

O que latexa na sentenza como verdadeiro pecado d@s pres@s polític@s era convocar ou darlle pulo ao referéndum do 1-Ou, mais dende o 2005 non existía o delito de convocatoria dun referéndum ilegal, introducido por Aznar dous anos antes como arma contra o goberno do PNV e o seu Plan Ibarretxe.

Como dixemos no antronte, a lóxica da sentenza do TS é política (represiva) e non xurídica.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015





Por: Guillermo Rodríguez

Director

Escribir en España é chorar; é morrer...

Segundo que sigamos a Larra diríamos que escribir en España é chorar; logo sería Cernuda quen diría que escribir en España é morrer.

Claro que non sei exactamente cales eran os sentimentos destes dous escritores cando nos deixaron estas lacónicas frases. Puidera ser porque todo o que os rodeaba lles daba noxo ou porque se decataban de que escribían para ninguén; que non había lectores e que os poucos que había non os entendían demasiado.

Eu quero ir un pouco máis aló preguntándome que pasaría se non soubera ler nin escribir. Sería máis feliz ou máis desgraciado? Non o teño claro. E non o teño claro porque despois de pasarme un montón de anos, como millóns de seres membros desta merda de mundo, tratando de formarme primeiro profesionalmente, logo porque sentía a necesidade de saber máis, de coñecer outros puntos de vista sobre o mundo, sobre a cultura, sobre as civilizacións, etc. O que todos, máis ou menos fixeron.

O problema é que a estas alturas da miña vida teño a casa chea de libros (confeso que a metade os lin parcialmente; quen diga o contrario mente), sigo mercando todo os meses libros que me “provocan” ansias de saber máis, de coñecer o que escriben e pensan homes e mulleres chamados intelectuais, o que en tempos atrás cando eu era un crío ou cando comezaron os seres humanos a vivir sobre este indigno mundo. E claro, de paso voume decatando que canto máis vou coñecendo máis desasosego sinto. Porque nestes momentos, sexamos realistas, o mundo está feito un desastre; una desfeita. De norte a sur e de leste a oeste non hai por onde collelo.

Eu teño un vicio. Si; confeso que son un vicioso. Non son capaz de pasarme un día sen ler, pero de verdade, dous ou tres xornais; ben en papel, ben en internet. No meu móbil teño 12 xornais para ler. Merco una media de tres ou catro libros por mes; as veces máis. O resultado é que me cabreo comigo mesmo e co mundo que me rodea.

As cidades da contorna que celebran a vitoria sobre os franceses aló polo

ano 1812, se non me falla a memoria; celebran así mesmo o día 12 de outubro como una festa de exaltación nacional polo que chaman a descuberta das Américas, cando foi unha brutal conquista e un sometemento abusivo e vergoñento sobre os pobos que alí atoparon. No primeiro caso pregúntome como sería hoxe esta “España nuestra” da canción se efectivamente os españois se afrancesaran todos. Non temos máis que vernos no espello do norte dos Pirineos. Pasaron varios séculos e aínda non perdemos o pelo da dehesa, que diría o poeta. Pero festexámolo como vencedores dun intruso. Hoxe somos monárquicos ata a medula, por usar termos modernos, e parece que o seguiremos sendo por moitos anos. A nova raíña está crescendo e polo tanto aínda nos espera vela moitos anos como lles pasa aos ingleses que teñen raíña para moito.

Da vergoña do chamado descubrimento falarei outro día porque preciso tempo e espazo que nestes xornais non sobran. Pero non quero deixar pasar para, dalgún xeito, fundamentar as miñas peneiras vivibles, o que nos está arrodando aquí e agora.

No meu último editorial fixen referencia á obra de Aldous Huxley “Un mundo feliz”, así como a de George Orwell “1984”, a do Gran Hermano, lembran?. Finalmente acababa coas información dun libro recién editado, “Ciberleviatán”, de José Mara Lasalle. Aquí remata, por agora, claro, este proceso ao que somos sometidos no último século polas forzas tecnolóxicas. Forzas que nos levan a rematar sendo uns “preciosos” monecos dun carrusel cibernético que nos controla ata cando respiramos. Pero dende todos os estamentos informativos, prensa, radio, televisión, libros, etc., fannos saber que imos ser felices aínda sendo “Marionetas en la cuerda”, lembran aquela preciosa canción gañadora de Eurovisión? Estes días infórmannos que o INE rastrexará todos os móbiles de España durante oito días para un estudo. Xa pactaron con Movistar (Telefónica), con Vodafone e con Orange. O INE analizará os movementos dos titulares dese móbiles durante o tempo de ir a traballar, cando vaíamos de

vacacións, etc.

Xa está aquí, que dirían nesas películas americanas sobre ovnis. Disto a un Gran irmán perfeccionado como nos indica José Maria Lasella hai un salto de can.

Estes días asistimos a un alumamento que está saíndo de datas e o día 10 de novembro pare; de parir. O que, non o sabemos. Todos gañan coma sempre. Pero o triste de todo isto é que os españois somos bombardeados dunha maneira inmisericorde. A Cataluña é o demo en forma de “novos revolucionarios”. A Franco sacárono dun soute e metérono noutro, pero os franquistas din as enquisas que están crecidos. Pero non tiña rematado todo iso? De onde saen logo? A corrupción non amaina. Cambia de camisa como as cobras pero permanece no noso profundo imaxinario e non hai maneira de liberarnos dela. Aí temos ao “simpático e patriota” Nadal que está chantaxeando as autoridades da illa para que recualifiquen 40.000 metros cadrados arredor da súa residencia (xa no seu día en terreos non urbanizables) para construír chalés de luxo que acadarían, vano acadar, un valor de 120 millóns de euros. Curiosamente, as empresas interesadas na movida son a Goramendi Siglo XXI, na que o administrador único é seu pai, Sebastián Nadal Homar e outra, na que está de xefa a súa nai Ana María Parera Femenias, chamada Aspemir S. L. Como poden comprobar os nosos “ilustres deportistas” non perden o tempo.

Como teño que ir rematando porque logo dinme que non hai oco no xornal,

soamente quería preguntarlles se non cren que as persoas que decidiron apartarse “deste tolo mundo” sen libros, sen móbiles sen internet, non serán máis felices ca nós. Eu teño as miñas dúbidas. Xa non podo dar marcha atrás; son un caldeiro desta noria que verte auga por todos os lados aínda que moitas veces sinto unha gana enorme de saírme do corpo e levitar na estratosfera. Aló onde non teña que escoitar tantas barbaridades e non teña a tentación de informarme de tantos desastres.

Se vdes. aínda están a tempo, fáganme caso. Enlean a manta á cabeza e camiñen cara a un mundo sen máquinas, sen robots (que din en pouco tempo xa nos superarán en todo), sen fútbol (outra droga suave pero efectiva), sen políticos. Libres, ceibes recibindo o ar limpo dalgún lugar, se é que existe.

MARTIRENA



Convenio para vivendas de aluguer social

O edil de Urbanismo, Infraestruturas e Mobilidade, Juan Díaz Villoslada, asinou na sede da Delegación do Goberno un acordo co Ministerio de Fomento e a Xunta para a rehabilitación e construción de vivendas destinadas a alugueiro social na rúas de San Nicolás e Marqués de Pontejos. Unha actuación que, ademais do seu marcado carácter social, servirá para rehabilitar e poñer en valor unha zona, na contorna do mercado de San Agustín, moi degradada.

Neste senso, apuntou o edil, o concello aposta pola rehabilitación e o peche de zonas desocupadas no centro urbano. Ao mesmo tempo, pretende incrementar de forma paulatina o parque de vivenda pública. O proxecto supón un investimento de 1.048.822 euros, dos que Xunta e Estado achegarán 91.800 euros para a reforma das vivendas. As achegas do Concello aparecen xa consignadas no proxecto de orzamentos de 2020, pero deben modificarse as datas dos investimentos. A actuación enmárcase dentro do programa de fomento do alugueiro do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021 que convoca a Xunta. O concello



dispón dun prazo máximo de 2 anos para levar a cabo as obras.

O arquitecto Jorge Salgado foi o encargado de deseñar o proxecto que conta cun novo bloque de vivendas que dispoñerá de dous apartamentos en dúplex de dous dormitorios cada un na rúa Marqués de Pontejos e outros tres dun dormitorio no edificio existente en San Nicolás. O plan recolle a posibilidade de integrar nos baixos dous locais sen uso específico.

A rehabilitación debe harmonizar, por unha banda, o trazado medieval do barrio de Pescaría, ao que pertence o edificio de San Nicolás, e por outro, a apertura de Marqués de Pontejos, de principios do século XX, de vocación racionalista, e que serviu para comunicar o mercado de San Agustín coa Estreita de San Andrés.

O Concello dá a orde de peche da sala de apostas da Estación de Autobuses

O Concello da Coruña anuncia que non vai permitir a realización de actividades de apostas e vinculadas co xogo en ningún edificio municipal. Como consecuencia desta decisión e mantendo o seu compromiso na loita contra a ludopatía na cidade, o Goberno local procedeu a dar a orde de peche inmediato da sala de apostas da Estación de Autobuses.

Tras estudar o estado da devandita sala de apostas, os técnicos municipais ditaminaron o seu estado de precariedade ao non dispoñer de licenza nin autorización e, polo tanto, procedeuse a resolver a relación concesional coa empresa.

A loita do Goberno local contra a ludo-

patía é clara, e proba diso son as reunións continuadas que mantén a concelleira de Benestar Social, Igualdade e Participación, Yoya Neira, coa Asociación Galega de Ludópatas en Rehabilitación (Agalure), ademais da moción aprobada no pasado Pleno Ordinario do Concello por unanimidade.

Canto ao resto de salas de apostas e, o Concello xa iniciou o proceso de revisión dos actos comunicados por entidades vinculadas ás actividades do xogo para comprobar se contan con licenza expresa e en que condicións de implantación para declarar a súa ineficacia. O consistorio xa notificou a varios locais da cidade a orde de cese de actividade.

Premios do XVI Concurso de Tapas Picadillo

Dos 47 establecementos participantes na categoría tradicional, seis foron os merecedores de levar diploma: La Pérgola de Oído Cocina, Cevichería La Sarita, Chirashizushi, Gastroteca, Casa Martín e Restaurante Morriña. As Mencións Especiais nesta categoría foron para Casa Martín e Restaurante Morriña e foi Cevichería La Sarita quen vestiu a tradicional chaquetilla dos Picadillo ao gañar esta edición coa súa tapa Pataca cítrica sobre quinoa vermella e que recolleu Marta González.

A categoría de tapas creativas foi a segunda con máis participantes. Gastroteca, Chirashizushi, Restaurante O Fieital, Surrey, Ta-

berna os Tigres e Alma Negra foron os escollidos dos 36 participantes que levaron o diploma. A tapa gañadora este ano foi Esteiro, elaborada pola Gastroteca. Nelssy Soriano recolleu o premio.

O galardón Premio Picadillo 2019 da cidade da Coruña por votación popular recaeu no local El Rincón de Alba pola súa proposta de taco de lacón con grelos e queixo San Simón fundido. Iago Cagiao recibiu o trofeo. Na categoría de Maridaxe con viños da Denominación de Orixe Rías Baixas, distinguiron a Gonzalo Cotelo, de Alia Die, coa súa tapa Albóndiga de bonito de Burela en salsa verde de alga codium e viño D.O. Rías Baixas Albariño de Fefiñanes.

A Coruña cara a un polo de innovación tecnolóxica



Alcaldesa, Inés Rey, mantivo un encontro co director xeral do Instituto Tecnolóxico de Galicia e presidente da Federación Española de Centros Tecnolóxicos (FEDIT), Carlos Calvo Orosa, no que foi un primeiro contacto de carácter institucional que serviu para coñecer máis en profundidade a actividade que desenvolve o instituto no ámbito da innovación tecnolóxica e, en especial, dos proxectos nos que podería participar o Concello. Neste sentido, perfiláronse as bases de fu-

turas vías de colaboración entre a entidade e o Concello que non é "alleo á innovación nin aos avances tecnolóxicos que permitan mellorar a vida da cidadanía", indicou a alcaldesa.

A alcaldesa apuntou que o investimento do Concello no proxecto céntrase "no desenvolvemento urbanístico da zona onde se situarán as empresas e na mellora das comunicacións" e que o panorama político impedía, polo momento, dar datas e prazos exactos para a posta en marcha do proxecto.

Urbanismo comprométese a incluír xogos inclusivos nos parques infantís

A concellería de Urbanismo comprométese a incluír elementos que garantan a accesibilidade e a inclusión nos parques infantís que así o precisen. A presidenta da Fundación Abrente, Carmen Touza, reuniuse co edil Juan Manuel Díaz Villoslada para presentarlle, xunto coa autora Sara González e a súa titora Thais Pousada, a guía "Igualdade de oportunidades para o ocio e o xogo na infancia a través do deseño de espazos inclusivos e participativos: un proxecto de aprendizaxe-servizo", tema no que a alumna de Terapia Ocupacional centrou o seu traballo de



fin de grao e a través do cal aborda as carencias que existen nas instalacións para a cativada, ubicadas nos distritos 1 e 6 da cidade.

O concelleiro asegurou que estudarán unha vía de colaboración co colectivo para que se poida completar o proxecto e que abran a totali-

dade das infraestruturas que hai na Coruña e sinalou que actuarán nas que xa menciona Sara no libro xa que se ben en accesibilidade, os parques si se adaptan a persoas con diversidade funcional, estas non contan con xogos inclusivos en máis da metade dos analizados.

O Concello avanza cos veciños da Falperra o proxecto do centro de saúde de Santa Lucía

O concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas e Movilidad, Juan Díaz Villoslada, reuniuse con representantes da Asociación de Veciños e Comerciantes da Falperra para explicarlles o estado no que se atopa o proxecto de reforma do centro de Santa Lucía.

Villoslada comunicou os representantes da zona que, tras o apoio unánime do pleno á iniciativa para que o centro de saúde se sitúe no ámbito do mercado, o Concello reformulará o proxecto coa idea de incorporar o ambulatorio e combinar os tres usos: centro de saúde, centro cívico e mercado.

Villoslada tamén dixo na reunión que o Concello descarta demoler o edificio e construír un novo. "A nosa intención é rehabilitalo, poñelo en valor".

O responsable de Urbanismo apuntou que para poder licitar un novo proxecto é necesario o compromiso da Xunta, que debe designar unha partida



orxamentaria nas contas do 2020 para a construción do centro de saúde. O Concello ten previsto reunirse nas próximas semanas con representantes da Concellería de Sanidade para coñecer os requirimentos do Sergas.

Durante a reunión, expresou o interese do Goberno local en dispoñer de equipamentos municipais e cualificou de "moi positivo" as sinerxias que se poidan crear entre o centro de saúde e o cívico.

A veciñanza, pola súa banda, mostrou o seu total apoio ao proxecto e manifestou a súa

confianza en que o centro de saúde sirva como motor para revitalizar un barrio, que, nos últimos anos, sinalou, viviu un certo abandono ao desaparecer moitos comercios e locais que tiñan o mercado como epicentro. Neste senso, o responsable de Urbanismo mostrou a súa disposición para estudar as peticións veciñais que lle trasladaron os residentes. Entre elas, a humanización dalgunhas zonas do barrio coa creación de máis zonas verdes e a instalación dunha cuberta nas escaleiras automáticas da rúa Mestre Clave.

Coruña Dixital consolida o seu labor de promoción da cultura tecnolóxica

O concelleiro de Cultura, Jesús Celemín, presentou a nova programación de Coruña Dixital, unha iniciativa municipal que ten como finalidade facilitar a participación activa da veciñanza nas novas prácticas culturais e creativas.



A intención do concello é contribuír a dar resposta ás novas demandas culturais dunha parte da cidadanía.

O programa Coruña Dixital consolida o seu labor de divulgación e promoción da cultura tecnolóxica da cidade nunha nova tempada que vén marcada pola vontade de lle aproximar dun xeito máis profundo a cultura dixital á cidadanía. Tal e como indicou o edil de Cultura, que compareceu acompañado do coordinador da iniciativa, Sergio Lago, "é unha proposta reno-

vada centrada na educación dixital para a xente que se está iniciando nas novas tecnoloxías". A vía fundamental para isto seguen a ser as súas redes sociais e a súa web (corunadixital.gal), que facilitarán o acceso á información actualizada sobre a crecente actividade dixital da cidade. Como novidade, acaban de incorporarse a ela todos os recursos locais dispoñibles para a "iniciación e o uso seguro da tecnoloxía", especialmente dirixidos aos colectivos de maiores, familias e mocidade.

A xefa de Acción Social do Concello, galardonada no Día da Amizade



Celebrouse no Palacio de Exposicións e Congresos (Palexco) o Día da Amizade, organizado pola Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios da Coruña, que este ano está dedicado especialmente á profesión xornalística.

A entidade entregou neste acto a insignia de ouro á Asociación da Prensa e o pre-

mio á Participación Cidadá 2019 a Regla Dávila Caballero, xefa de servizo de Acción Social do Concello da Coruña. Ademais, a asociación rendiu homenaxe as asociadas que cumpren 25 anos na entidade provincial. A concelleira de Benestar Social, Igualdade e Participación, Yoya Neira, participou na entrega das insignias de ouro.

Galicia

Redacción A CORUÑA

O vicepresidente da Deputación e deputado de turismo aposta por un pacto social para "construír novas e atractivas cidades"

O vicepresidente e responsable da área de Turismo da Deputación da Coruña, Xosé Regueira, participou na Xornada de Turismo Urbano na Escola Universitaria de Turismo CENP cunha intervención na que destacou a potencialidade das tres cidades do trazado do Camiño Inglés. Que as cidades melloren a calidade de vida da súa veciñanza, que teñan servizos modernos e prácticos e que sumen os sectores institucionais e sociais nun interese común son, para Xosé Regueira, claves para o desenvolvemento turístico das cidades da Coruña, Santiago e Ferrol no marco do Camiño Inglés, tese que defendeu no encontro celebrado na Escola Universitaria de Turismo.

Diálogo social

"Nesta altura, temos que recoñecer que falta estratexia de promoción urbana e diálogo coa sociedade en xeral no ámbito turístico, non só co sector que está interesado na súa rendibilidade. Estamos nun momento en que hai que implicar á poboación na promo-



ción turística", dixo Regueira. Apostou, por "construír un turismo urbano diferente, sustentábel e ampliando o perímetro das propias cidades e eliminando a presión sobre os centros históricos, o que é tamén responsabilidade das institucións e precisa un pacto social claro", sinalou, referíndose de maneira especial ao que acontece en Compostela.

Defendeu o interese e a potencialidade do turismo urbano "o máis antigo que se coñece" e o que máis crecemento está a experimentar presentou o "reto" de ofrecer o que se busca nas cidades "historia, ocio, coñecemento, experiencias, compras, congreso, negocios, industria...

sectores que hai que apoiar para facermos as cidades máis atractivas".

Xosé Regueira apostou, neste sentido, por "ofrecer unha estratexia urbana de promoción turística xa que, ás veces, toda a aposta se centra no rural cando podemos defender unha oferta urbana que se pode posicionar nos mercados". Explicou así que as tres cidades, Coruña, Santiago e Ferrol, teñen moito que ofrecer cunha identidade propia, con recursos singulares como o gastronómico e de concertos no caso da Coruña, o histórico e patrimonial en Santiago e o pasado vinculado á Ilustración en Ferrol, por citar só algún exemplo de cada unha.

O pleno da Deputación rexeita por "electoralista" a proposta do PP que pedía a dimisión da ministra de Transición Ecolóxica

O pleno da Deputación da Coruña rexeitou, nunha sesión extraordinaria convocada a petición do Grupo Popular, a proposta de resolución que presentaron os populares para pedir a reactivación inmediata da central térmica das Pontes e a dimisión da ministra de Transición Ecoló-

xica, Teresa Ribera.

A iniciativa do Grupo Popular recibiu duras críticas de todos os grupos por "oportunista" e "electoralista" e finalmente decaeu, tras recabar 17 votos en contra de PSOE, BNG, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños, fronte a só 12 favorables do Grupo Popular.

O tailandés Terrawoot Com-on gaña o Premio Jesús Núñez de arte gráfica da Deputación



O tailandés Terrawoot Com-on é o gañador do XIV Premio Jesús Núñez de Arte Gráfica da Deputación da Coruña. O xurado escolleu a súa obra "Happy wedding day in heaven" entre as 155 presentadas a esta edición do certame.

De Tailandia chegou a obra "happy wedding day in heaven" que un xurado composto por especialistas en arte como Rosario Sarmiento, Mercedes Rozas, María Meijide, Iñaki Martínez Antelo e Pedro Galilea, co deputado de Cultura, Xurxo Couto como presidente e a xefa de servizo de Cultura, Mercedes Fernández-Albalat como secretaria, escolleu como gañadora da XIV edición do Premio Jesús Núñez de Arte Gráfica da Deputación da Coruña.

Ademais do premio, o xu-

rado concedeu dous accésits a Óscar Valero Sáez pola súa obra "Partitura para ser lida cos ollos pechados" e a Judith Martínez Estrada pola obra "The weight of light TV". Fixo tamén mencións de honra a Saskia Rodríguez Araña pola súa obra "Liponimia" e a Watanai Magate por "Butterfly effect nº 1".

A obra de "Terrawoot Com-on" impúxose nesta edición do certame nas 155 presentadas, procedentes de 28 países. O gañador recibirá un premio de 6.500,00 € ademais de converterse en protagonista dunha exposición na Fundación CIEC. Ademais concédense dous accésits que serán premiados cunha bolsa de matrícula dun módulo do Master de Obra gráfica impartido tamén na CIEC en Betanzos.

A Deputación condena a violencia en Cataluña

O pleno da Deputación da Coruña aprobou cos 25 votos favorables de PSOE, PP e Alternativa dos Veciños e os 5 votos en contra de BNG e Marea Atlántica unha moción impulsada polo Grupo Popular na que se declara "a máis firme condena dos actos violentos protagonizados nos últimos días por elementos radicais de Cataluña" e se mostra "un apoio incondicional ás Forzas e Corpos de Se-

guridade do Estado, así como á Policía autonómica catalana, en especial a todos aqueles que resultaron feridos no desempeño das súas funcións, pola súa impecable labor e profesionalidade demostrada na defensa e protección dos dereitos e liberdades de todos".

A portavoz do BNG, María Muíño, afirmou que o seu grupo "rexeita e condena calquera tipo de violencia e desexamos a pronta recuperación dos fe-

ridos nos disturbios". "Lamentamos a situación que se vive en Cataluña. É un problema político e a vía para solución é a vía política", afirmou a deputada.

En similares termos se expresou o portavoz da Marea Atlántica, Alberto Lema, que afirmou que "o PP non ten nada que perder en Cataluña" e "trata de facer política con Cataluña para o resto de España", pero "non busca unha solución ao problema".

Por Moncho Mariño

Jesús Picallo, presidente da Asociación Solpor, organizadora de "Un Mar de Gracias"

"Puxemos en valor aldeas e patrimonio que estaban a piques de desaparecer"

O encontro "Un Mar de Gracias" artellado pola Asociación Solpor, un conxunto de persoas interesadas en promover o Camiño Muxía-Fisterra, quixeron agradecer á cidade de Santiago o ter aberto as rutas xa case que esquecidas do Camiño de Santiago. Como eles mesmos indican na súa web, queren agradecer á cidade Compostelá o feito de atraer visitantes e peregrinos cara o último tramo para coñeceren Fisterra, Muxía e outros lugares desta parte de Galicia. Falamos con Jesús Picallo, presidente da Asociación Solpor.

-Cal é o obxectivo da Asociación Solpor?

Solpor somos cento corenta persoas e empresarios que buscamos fomentar o Camiño Fisterra-Muxía do Camiño de Santiago. Nesta asociación hai desde empresarios da hostalaría, hoteis, fisioterapeutas, transporte e todo canto teña relación co Camiño e a súa posta en valor e a xeración de postos de traballos. Por tanto, o noso obxectivo é fomentar esta parte do Camiño.

-Que é "Un Mar de Gracias"?

Un acto que organizamos en Santiago e que se enmarca dentro dos proxectos para o Xacobeo 2021.

O que queremos é darlle un mar de gracias á cidade de Santiago, porque é onde están

os nosos precursores, embaixadores como é a toda a hostalaría de Santiago.

-Como se organizou?

A idea nace da mesma Asociación Solpor, que eu presido. É a primeira idea dun plan de traballo que temos para os seguintes anos debido a que teremos varios xacobeos nos vindeiros anos. Este é un plan de traballo dirixido a promover o noso Camiño, poñelo en valor con boas praxes e un camiño verde, gastronómico e de paz.

-En que consiste?

Comezaremos cun workshop onde os empresarios do Camiño Fisterra-Muxía colocarán postos para darse a coñecer a turoperadores, axencias de viaxes, aqueles que nos mandan pe-



Participantes en Un Mar de Gracias

regrios e viaxeiros, que seguramente non nos coñecemos tanto como deberamos.

-Cales son os resultados que esperan deste encontro?

Pois durante un acto institucional poderemos contar coa presenza do alcalde de Santiago, do vicepresidente da Deputación da Coruña, ademais do conselleiro de Turismo e os alcaldes do Camiño.

-Cal é o grande atractivo do Camiño Fisterra-Muxía?

Pois o camiño da fin do

mundo ademais de valores como a paisaxe, de paz, seguro, sobre todo cunha mellor xente.

-Que valores se foron engadindo durante os pasados Xacobeos ao Camiño Muxía-Fisterra?

Puxemos en valor aldeas que estaban a piques de desaparecer, puxemos en valor o noso patrimonio e sobre todo, que este camiño goza dun turismo de calidade dentro do que é Galicia Calidade. Iso in-

clúe a calidade de todo o tecido industrial turístico, e coas novas tecnoloxías, facer da nosa costa o grande escaparate de Galicia.

-De cara o 2021 e os anos vindeiros, que proxectos teñen en marcha?

Creo que a apertura da estación do AVE en Compostela contribuirá moito ao desenvolvemento da actividade. Tamén é de vital importancia a apertura do parador de Muxía, con sesenta cuartos.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Galicia

Redacción SANTIAGO

Bugallo aposta por un parque comarcal de bombeiros no edificio de Salgueiriños

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, aposta por un parque comarcal de bombeiros, o mesmo que a Xunta, di, aínda que está aberto a estudar outras alternativas "se fose preciso". O que si cómpre, sinalou en rolda de prensa, é unha solución definitiva á situación na que se atopa o servizo. Unha solución, afirma, consensuada entre Xunta, Concello, Deputación e os municipios da comarca. A opinión do rexedor é que o novo parque debe ubicarse no edificio de Salgueiriños, xa empezado.

Sinala Sánchez Bugallo que un dos maiores problemas, son as dificultades para cubrir as vacantes de persoal. "A situación é peor que hai 15 anos". Recorda que neste momento en Compostela hai 38 bombeiros, cando "a plantilla de



Santiago tiña que ser como mínimo de 57, segundo a estimación que facíamos en 2001"; e que o cadro de persoal mínimo, segundo os informes realizados, tería que ser de 88. Xa se reuniu co vicepresidente da Xunta. Agora falará co presidente da Deputación e co resto de concellos da área, para, entre todos, "buscar a mellor solución". Espera que ao longo do mes de novembro, todas as administracións manifesten a súa dispoñibilidade

nun sentido ou noutro.

O asunto dos bombeiros é un dos temas que ao alcalde lle gustaría ter resolto para o ano 2021. O outro é, di, "a organización de Protección Civil", cunha mellor dotación de medios e co reforzo da agrupación de voluntarios, porque o número de integrantes "é menor que hai 30 anos". O seu labor consiste en acompañar aos peregrinos, "especialmente a aqueles que teñen algún tipo e dificultada adicional".

Cineuropa celebra as voces femininas na súa 33ª edición, do 7 ao 28 de novembro

O festival Cineuropa centra este ano a súa mirada na visión e no cinema realizado por mulleres, que será fío condutor tanto de boa parte da programación da 33ª edición do festival como das súas actividades paralelas. A muller, a súa relación co cinema e a visión feminina serán protagonistas na sección oficial do festival e tamén terán unha forte presenza nas das seccións paralelas, as especiais, nas retrospectivas e nas mesas redondas que este ano completarán a programación.

O festival, que se celebrará entre o 7 e o 28 de novembro na capital galega, estará marcado por un feminismo transversal que se traducirá tanto nun incremento no número de películas realizadas por



directoras como das sensibilidades dos temas escollidos nos filmes. Esta decisión tomouse tras valorar a colleita cinematográfica mundial deste ano, onde os filmes dirixidos por mulleres ou cunha temática claramente combativa eran moitos e de alta calidade. Deste xeito, o público poderá gozar de películas que achegan unha visión crítica do presente e miradas inusitadas e próximas sobre dereitos humanos, sobre outras realidades, e sobre a emerxencia climática e ecolóxica actual.

O Consorcio de Santiago destinará 75.000 euros en axudas para a mellora dos locais comerciais da cidade histórica

O Consorcio de Santiago destinará este ano un total de 75.000 euros á rehabilitación dos locais comerciais da cidade histórica a través do seu "Programa Localízate". As solicitudes e a documentación poderán presentarse no rexistro do Consorcio, situado no número 59 da Rúa do Vilar, ou en calquera outro rexistro. O prazo de presentación de solicitudes remata o vindeiro 18 de novembro.

O Consorcio de Santiago e o Concello coordínanse para sacar as convocatorias de locais á vez, co propósito de facilitar a información e atención aos interesados. Así, o



Concello acaba de convocar novas axudas para o comercio dentro do programa "Coidar para mellorar", destinado ao acondicionamento dos locais localizados fóra do ámbito do Plan Especial de Rehabilitación da Cidade Histórica.

O Consorcio de Santiago in-

centiva a rehabilitación dos establecementos da cidade histórica, a mellora da súa accesibilidade, da súa eficiencia enerxética, da súa imaxe exterior e o seu acondicionamento interior.

Estas axudas inclúen os honorarios de redacción do proxecto e a dirección técnica da obra. A Oficina Técnica do Consorcio de Santiago encargárase de redactar a documentación técnica no caso das obras de pequena entidade.

O orzamento mínimo subvencionable será de 600 € e o máximo de 30.000 €. A contía da axuda acadará o 40 % do orzamento aceptado.

A Real Filharmonía de Galicia estreará a ópera galega contemporánea "A amnesia de Clío", de Fernando Buíde

A Real Filharmonía de Galicia vai estrear a ópera galega "A amnesia de Clío", do compositor Fernando Buíde e texto do dramaturgo Fernando Epelde, a primeira grande ópera do século XXI en Galicia. Será o 10 de novembro no Auditorio de Galicia, en Santiago, ás 20:30 horas, onde se utilizará o foso do Auditorio e con todas as entradas xa vendidas. Representarase de novo o día 12 no Teatro Colón da Coruña e -en versión concerto- o 14 no Auditorio Municipal de Ourense

(ambos ás 20:30 horas).

A amnesia de Clío é unha coprodución da compañía Voadora e o Consorcio de Santiago-Real Filharmonía de Galicia, Xunta de Galicia e a Asociación de Amigos da Ópera de Santiago de Compostela; co financiamento da Deputación da Coruña, o Concello de Santiago e o Concello da Coruña; e co patrocinio do Xacobeo 2021. A obra é o resultado dun proxecto desenvolvido coa Beca Leonardo a Investigadores y Creadores Culturales 2017 da Fundación BBVA.



Santiago (é) tapas

14 NOV - 1 DEC 2019 | FINAL 6-8 DEC 2019



Santiago (é) coctel

14 NOV - 1 DEC 2019



PROMOVE

ORGANIZA

PATROCINA

COLABORAN



Entrevista

Por Moncho Mariño

Juan Ignacio Codina, xornalista e autor do libro de investigación *Pan y toros*

“A humanidade irá refinando as súas preferencias e pouco a pouco o espectáculo taurino irá desaparecendo”

Juan Ignacio Codina (Ferrol) é un profesional dos medios de comunicación que acaba de publicar o libro *Pan y toros. Breve historia del pensamiento antitaurino español*. Este traballo bibliográfico nace dunha tese doutoral que Codina presentara na Universitat de les Illes Balears, concretamente en Historia. Con este libro, o autor quere mostrar ao público que desde as orixes da tauromaquia como espectáculo, xa existían pensadores, políticos, xente da Igrexa e creadores, cunha visión que abominaba da touradas ou “corridas” de touros. Falamos con el durante un momento durante a presentación en Santiago de Compostela.

-Este libro teu nace dunha tese doutoral.

Si, realmente a tese nace dunha necesidade de encher un espazo. A mediados de 2015 comezo a ver nos medios dunha maneira insistente, unha serie de afirmacións sinalando o antitaurinismo actual como unha simple moda. Esta postura, que viña do lado a favor da tauromaquia, foi o que fixo saltar a idea. Así foi que investiguei e traducín todo nunha tese doutoral, un texto académico que ten que ter un rigor e uns criterios, controis internos e externos. Con esta tese xa desmontei a primeira hipótese, o antitaurinismo é unha moda?

-É unha moda?

Pois non, porque as primeiras manifestacións antitaurinas recollidas son do século XIII, cando Alfonso X dicía nas súas Leis de Partidas, di que os toureiros son uns infames, un insulto moi grave. Desde ese momento xeración tras xeración, persoas de todos os ámbitos da creación humana, usaron a súa voz e obra para denunciar a tauromaquia.

-Quevedo, Pío Baroja, Padre Feijóo, Pardo Bazán, todos figuras destacadas que confirman o que dis sobre pensadores e creadores. Mais por que se mantivo a tauromaquia?

No libro evidencio as estratexias que permitiron á tauromaquia sobrevivir, a pesar dunha serie de fenómenos adversos como a crítica á súa práctica.


Primeiramente hai un interese económico para que siga existindo, porque os donos das ganderías de touros de lidia, seguen mantendo grandes latifundios onde crían touros para os espectáculos taurino. Logo está que a tauromaquia foi usada como elemento de distracción masiva da poboación.

-Pan e circo?

Si, como outro opio para o pobo, ou aquel “pan e circo” dos romanos, cando o Imperio Romano xa estaba en decadencia. Os emperadores usaban os grandes fastos sangrentos para distraer ao pobo e así esquecer a calquera esixencia de liberdade e dereitos, tamén de crítica contra os emperadores. Os gobernantes en España preferían un pobo inculto e ignorante, por que?, porque é máis fácil de someter. O contrario, un pobo crítico sería difícil para os gobernantes, monarquía, igrexa e poder económico. Mais tamén está o costume. Cando un elemento é xa un costume, é complicado erradicalo.

-Prendeu dentro das persoas e agora non quere deixalas.

Si, os poderes políticos transformárono nalgo cotiá, aínda que as persoas teñen a súa parte de culpa, e por tanto está fosilizado no ADN español, porque, como dicía Ortega y Gasset “o sangue do touro opera na xente como unha droga estupefaciente”. Tamén os taurinos usaron o adoutramento. En España levaban os nenos ás “corridas”.



Así cando teñen uns anos, xa non ven iso como algo negativo e para eles é normal.

-Se se eliminase a tauromaquia tamén poderían desaparecer elementos tan poderosos como é o San Fermín.

A humanidade creo que irá refinando as súas preferencias e así, pouco a pouco, aquilo que rodea ao espectáculo taurino irá desaparecendo. Isto non ten que ver con que a xente non teña dereito a divertirse. É necesario o tempo de relaxación, a discusión é que tipo de entretemento beneficia ao conxunto da poboación. Co San

Fermín, nalgúns “encierros” substituíron os touros por bolas. Hai que evolucionar.

-Sentiches que se quixo ocultar o teu libro?

Isto é unha impresión moi persoal, mais sentín desde algúns sectores mediáticos o feito de non querer falar deste libro. Non querer polemizar, e que van polemizar? Non poden negar que Unamuno estivo escribindo vinte anos contra a tauromaquia. Non poderían polemizar, o que fixeron con bastante intelixencia, esperamos que pase. Tampouco podo acusar a ninguén.

Os empresarios contan coa Deputación para a electrificación da liña férrea Monforte-A Coruña

Os empresarios das provincias de Lugo e A Coruña trasladáronlle ó presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte, José Tomé Roca, a necesidade de que se electrifique na súa totalidade a liña básica de ferrocarril que une a capital da comarca de Lemos con A Coruña, pasando por Lugo. En concreto, os líderes das citadas patronais, Jaime López (Confederación de Empresarios de Lugo) e Antonio Fontenla (Confederación de Empresarios de A Coruña) reuníronse en Monforte co titular da Deputación lucense para traballar

xuntos co apoio de dita institución pública para conseguir a electrificación íntegra dunha liña, actualmente en marcha ata Lugo, que consideran necesaria e fundamental para o transporte de mercadorías, especialmente dende os portos de A Coruña e Ferrol tanto coa Meseta como con Europa.

Os empresarios entenden que Monforte ten potencialidade para converterse nunha plataforma loxística de primeiro nivel, polo que a electrificación da vía que une dita localidade con A Coruña suporía un gran apoio para o desenvolvemento da mesma. Afirman que o eixo fe-

rroviario Palencia-Monforte-A Coruña forma parte da denominada rede básica, polo que pode optar ós fondos europeos "Conecta Europa" para a súa rehabilitación e conexión co Corredor Atlántico, adaptándoa así ó ancho europeo e electrificándoa a 25 KW para empezar a soportar tráfico de forma inmediata.

Tanto os empresarios de Lugo como os de A Coruña creen que é o momento oportuno de centrar esforzos en lograr redes de transporte eficientes e perfectamente interconectadas, así como interoperables e multimodais que garantan un fluxo correcto e



Antonio Fontenla, José Tomé e Jaime López.

eficiente tanto de pasaxeiros como de mercadorías.

Jaime López e Antonio Fontenla coincidiron co presidente da Deputación lucense que inverter en infraestruturas que

nos conecten con Europa non só afianzaría o crecemento empresarial senón que axudaría a consolidar o desenvolvemento económico e a vertebración social do noso entorno.

A Deputación reclama medidas urxentes para garantir o futuro de Alcoa e As Pontes

A Deputación de Lugo reclamará medidas urxentes para garantir o futuro de Alcoa en San Cibrao e da central térmica de Endesa nas Pontes. Así o acordou o Pleno, no que destacou a unanimidade de todos os grupos políticos para sacar adiante cuestións de calado para a provincia.

Respecto do futuro da planta de aluminio que Alcoa ten en San Cibrao e do da central térmica de Endesa nas Pontes, a Corporación da Deputación de Lugo votou a favor de reclamar medidas de carácter urxente á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado para garantir a súa viabilidade. O acordo unánime chegou logo



Presidente e deputados antes da sesión plenaria.

da proposta do Goberno que defendeu a Deputada María Loureiro. A socialista recalcou a importancia das dúas compañías para o futuro económico da provincia e lembrou que o Executivo tivo que levar esta proposta ao Pleno porque o

Partido Popular non quixo na anterior sesión incluír nunha moción a responsabilidade da Xunta na política industrial, cando o Estatuto de Autonomía, no seu artigo 30, lle confire as competencias neste eido.

Tomé defende a necesidade dunha Autoridade Portuaria para Lugo



Reunión na Deputación de Lugo.

O presidente da Deputación, José Tomé, defendeu a necesidade dunha Autoridade Portuaria propia para Lugo e anunciou que o Grupo Socialista levará ao Pleno ordinario unha moción que reclama ao Goberno central, no momento no que teña as competencias plenas despois das eleccións, a creación para o porto de San Cibrao dun organismo de xestión independente.

Así llo trasladou o presidente ao secretario xeral da

Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López, e ao presidente da Federación de Asociacións de Veciños de Lugo, Jesús Vázquez, cos que mantivo unha reunión co fin de unir esforzos na necesidade de dotar ao porto de San Cibrao de Autoridade Portuaria propia. Esta reclamación evidencia que, ao contrario que outros representantes institucionais, "nós poñemos os intereses da provincia por riba de calquera interese partidista", subliñou Tomé.

Galicia

Redacción LUGO

Quince parques eólicos cuentan con máquinas procedentes de Viveiro

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, participou na conmemoración dos vinte anos desde que a compañía danesa Vestas se instalase en Viveiro. A empresa conta con 170 traballadores nas súas instalacións da Mariña lucense, e esta factoría viveirense abastece de maquinaria a 15 parques eólicos en explotación de toda Galicia.

O conselleiro agradeceu o compromiso da empresa con Galicia durante as últimas dúas décadas, e eloxiou a Vestas como un exemplo de diversidade e eficiencia. Chamou a lograr un prezo eléctrico competitivo para o tecido empresarial galego, así como a dar prioridade a unha transición enerxética xusta e ordenada. “As enerxías renovables, neste caso a eólica, representan o futuro, e por iso debemos garantir o seu rendemento e a súa competitividade”, sinalou Conde.

Deste xeito, o conselleiro manifestou a importancia de manter un modelo enerxético que incida directamente no te-



Galicia, segunda comunidade por potencia renovable instalada, e segunda en enerxía renovable producida, en 2018.

cido industrial galego, “abrindo novos mercados, situando Galicia como referente da sustentabilidade e asentando a cultura da innovación”. A este respecto, Conde destacou a incorporación da técnica Blade-lifter nos traballos de Vestas, un método de transporte das pas dos aerogeneradores que permite o seu desprazamento por estradas e camiños estreitos sen alterar o entorno natural.

Francisco Conde apuntou que o propósito da Administración é continuar desenvolvendo un ecosistema enerxético que se apoie, prioritariamente, nas fontes eólicas. “Galicia aposta e seguirá apostando polas enerxías renovables, para

conseguir así ter unha Galicia cada vez máis verde”. Conde cifrou nunha vintena os parques eólicos que se están a construír en Galicia, e que teñen previsto comezar a súa actividade a finais deste ano, cunha enerxía producida de 480 MW e cun investimento de 564 millóns de euros. O 70% deses novos asentamentos eólicos estarán situados en Lugo, o que xerará 2.500 postos de traballo.

Galicia consumiu durante 2018 un 86% de electricidade procedente de fontes renovables, co 27% desta porcentaxe procedente de fontes eólicas (frente á media nacional, onde só un 17% emprega as eólicas).

Novas prazas públicas do centro de día de Alzhéimer en Mondoñedo



Este recurso servirá para que os familiares poidan conciliar.

A conselleira de Política Social, Fabiola García, informou que o Concello de Mondoñedo contará cun novo centro de día de Alzhéimer no centro San Rafael, que ofertará 10 novas prazas públicas financiadas pola Xunta de Galicia por un importe de 120.000 euros. Fíxoo durante a visita que realizou ao centro xunto á alcaldesa, Elena Candia.

Fabiola García destacou que a posta en marcha deste servizo en Mondoñedo dá resposta á demanda das súas veciñas e veciños fronte a esta doenza que afecta á memoria de quen a padece. Explicou que o centro de día

de Alzhéimer, ademais de garantir un servizo de calidade a todas estas persoas, supón tamén unha axuda para que os seus familiares poidan conciliar, en especial as mulleres. Cómpre recordar que, en maior medida, son elas as que coidan das persoas que teñen limitada a súa autonomía.

O novo centro de día de Alzhéimer do centro residencial San Rafael súmase aos servizos xa ofertados nesta instalación xestionada pola asociación Edad Dorada Mensajeros de la Paz: un centro de día con 40 prazas e unha residencia de maiores con 33 usuarios.

O Museo do Ferrocarril ten plan de actuación para dous anos

O Padroado do Museo dos Ferrocarrís de Galicia, Muferga, que preside o delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro reuniuse en Monforte de Lemos e acordou o plan de actuación para o museo nos próximos meses.

Un dos aspectos máis salientables será o remate das obras de restauración dunha sección da rotonda ferroviaria e posta en funcionamento dos tres gatos hidráulicos que ata o momento estaban sen uso.

Trátase de recuperar un elemento moi destacado do patrimonio ferroviario do museo, con máis de 80 anos de antigüidade, que ademais permitirá ampliar os espazos dedicados ao mantemento e reparación das locomotoras de vapor.

Tan só hai dúas instalacións similares en toda España, en Vilanova la Geltrú e Santander, pero de menor envergadura que a monfortina. Ademais, forma parte do patrimonio industrial europeo, a petición da Federación Europea de Her-

danza Industrial e Técnica.

No plan de actividades tamén está previsto traballar na reposición dunha vía morta e outra de escape para entrar na rotonda e trasladar desde o Museo Camilo José Cela en Padrón dous tractores diésel de época para restaurar e poñer de novo en servizo, cando sexa factible.

En relación coa situación económica do Museo, está máis consolidada. No ano en curso disporá dun orzamento de 116.000 euros entre achegas



Reunión do Padroado de Muferga.

das administracións e ingresos por actividades propias. Renovouse o compromiso de incorporar ingresos por importe de 30.000 euros da Xunta de Galicia, 21.000 euros por parte da Deputación de Lugo e Ourense e, 8.000 do Concello de Monforte de Lemos.

Polo que respecta ao balance do ano 2018 pecha con 15.000 visitas rexistradas e a finalización da obra de restauración da nave de mecanizado, repintado da totalidade das fachadas do complexo e remate da rede ferroviaria infantil.

**disfrutamos
ayudando a
disfrutar**



GADIS

En Confianza

Monforte foi sede da Asemblea da Confederación Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas

O conselleiro do Medio Rural, José González, participou en Monforte de Lemos na clausura da XXIV asemblea xeral da Conferencia Española de Consejos Reguladores Vitivinícolas (CECRV), onde destacou que o viño é un dos motores de progreso, cohesión e futuro na nosa comunidade, de aí o seu peso na nosa economía, cultura e tradición. Sinalou que o viño é o principal elemento dinamizador dos territorios que conforman os distintos selos de calidade deste eido produtivo. De aí a importancia de aproveitar e unir sinerxías con outros sectores como poden ser o turístico, tanto na vertente natural coma cultural ou paisaxística.

O conselleiro puxo en valor as rutas dos viños, que conxugan todos estes valores e potencian a imaxe de Galicia Calidade, e sen esquecerse da coñecida “viticultura heroica” da zona da Ribeira Sacra. Un área que destaca polos seus antigos viñedos colgados en ladeiras de ata 85 graos de inclinación. Tamén aludiu á Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia, coa que se persegue mellorar o posicionamento dos viños galegos no seu conxunto, reforzar a súa imaxe de marca e identidade vinculada aos diversos territorios nos que se producen e mellorar a eficacia da promoción e comercialización en conxunto de produtos turísticos vinculados ao sector vitivinícola.

José González destacou a calidade das cinco denominacións de orixe vinícolas que hai na nosa comunidade -Rías Baixas, Ribeira Sacra, Monterrei, Valdeorras e Ribeiro-, das catro indicacións xeográficas protexidas que conforman os

Viños da Terra -Barbanza e Iria, Betanzos, Val do Miño-Ourense e Ribeiras do Morrazo- e a que agrupa ás augardentes e licores tradicionais de Galicia. “Cada unha delas é única”, matizou o titular de Medio Rural, subliñando que os seus aromas, corpos e variedades fan dos nosos caldos unha experiencia inigualable e converten este sector nun dos máis estratéxicos da economía galega.

O conselleiro agradeceu o bo facer dos case 14.000 viticultores e 450 adegas que están inscritas na nosa comunidade. Engadiu que as máis de 9.000 hectáreas de viñado permiten producir máis de 60 millóns de quilos de uva de gran calidade, que se ve reflectido no prestixio que teñen os viños galegos con selo de calidade.

Asociación sen ánimo de lucro

A Conferencia Española de Consejos Reguladores Vitivi-



Representantes dos concellos reguladores de España.

nícolas (CECRV) é unha asociación sen ánimo de lucro que representa ás denominacións de orixe vitivinícolas españolas ante o Goberno do noso país e ante organismos ou entidades públicos ou privados, internacionais, nacionais ou rexionais cuxa actividade ou competencias estean relacionadas de maneira directa ou indirecta co mundo do viño.

Na actualidade integra a 54 denominacións de orixe das 70 que existen hoxe en día en España.

Intervención de Gloria Prada

“Dou a benvinda a Monforte tanto ás autoridades que nos acompaña como aos participantes nesta 24 Asemblea xeral da Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas (CECRV) que estamos

a clausurar. Agradezo aos responsables da CECRV, e en particular ao presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra, que elixisen a nosa cidade para a celebración desta importante asemblea. Para unha cidade como Monforte, capital da Ribeira Sacra, eventos como este son moi importantes non só, para dar a coñecer os nosos excelentes viños, senón tamén toda a riqueza cultural e paisaxística tanto da nosa cidade como da nosa contorna.

Resalto e agradezo o importante labor que os consellos reguladores levan a cabo á hora de obter uns viños de calidade, de posicionalos nos mercados nacionais e internacionais e en definitiva, por posicionar aos viños españois como uns dos máis importantes do mundo. Tamén quero destacar a importancia crecente que están a adquirir entre os consumidores os nosos viños da Denominación de Orixe Ri-

Continúa na páxina seguinte...

TOUR RIBEIRA SACRA

- Viaje Tren Turístico 1 hora por el Cañón del Sil
- Visita Vía Appia y Mirador
- Visita Bodegas Regina Viarum, con degustación
- Almuerzo típico de la Galicia interior

25€

Tren Turístico
Ribeira Sacra
ABASACRA.COM

Información e reservas
Teléfono: 650 770 179
info@abasacra.com

aCantina
Restaurante desde 1947

Información e reservas:
Teléfono: 650 770 179 - Info@acantina.es
acantina.es

Expolugo ten un rocódromo para a práctica da escalada

A directora xeral de Comercio e Consumo, Sol Vázquez, e o director xeral para o Deporte, José Ramón Lete, visitaron o novo rocódromo instalado no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, unha infraestrutura que contou cun apoio da Xunta de preto de 170.000 euros, e que, tal e como se sinalou, é xa unha instalación de referencia a nivel estatal para a práctica da escalada indoor.

Cun investimento total de máis de 372.000 euros, a instalación conta coa colaboración de diferentes administracións. Así, a Xunta, a través da Con-

sellería de Economía, Emprego e Industria e a Secretaría Xeral para o Deporte achegan un 45%, mentres que a Deputación de Lugo asume un 35% e o Concello o restante 20%.

A infraestrutura, ademais de potenciar a multifuncionalidade de Expolugo, permite incrementar a oferta dos equipamentos deportivos da cidade, beneficiando tanto a actividade federada como o deporte base, e contribuíndo tamén á promoción de prácticas saudables. As federacións galegas de Montañismo e Espeleoloxía suman preto de 5.500 licenzas, e a escalada será deporte olímpico

en Toquio 2020, polo que se prevé un crecemento dos practicantes deste deporte nos próximos anos.

O rocódromo de Lugo conta con 1300 m2 escalables distribuídos en catro sectores: bulder, velocidade, iniciación e dificultade. O muro de bulder é de 18 metros de ancho por 4,3 de alto, que permite todo tipo de adestramentos e traballo con grupos numerosos. O muro de velocidade é de 6x15 metros, sendo o único muro homologado en España para esta disciplina. Ademais, o muro de iniciación é de 12x12,5 metros, con diedros,



A infraestrutura incrementa a oferta dos equipamentos deportivos da cidade.

placas e formacións que simulan a escalada en roca. O de dificultade é de 18x15 metros con dúas proas que alcanzan desplomes de ata 12 metros que reproducen as vías máis difíciles.

A instalación cumpre os requisitos do Comité Olímpico Internacional (COI) para a ce-

lebración de probas internacionais en formato olímpico, o que sitúa a Lugo como epicentro das competicións de escalada indoor de España. Ademais, posúe unha plataforma situada a 15 metros de altura para a práctica de técnicas de montañismo como o rápel e a progresión con cordas fixas.

...ven da páxina anterior.

Monforte foi sede da Asemblea da Confederación Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas

beira Sacra, algún dos cales espero degustasen xa ou estean a piques de facelo. Que sexan uns viños cada vez máis coñecidos e apreciados é un labor que agradecemos ao Consello Regulador Ribeira Sacra, que desenvolveu un importante traballo de calidade e de difusión ao longo dos últimos anos.

Creo que o traballo realizado polas adegas de Ribeira Sacra ao longo do últimas tres décadas é para que nos sintamos moi orgullosos, pois o sector do viño é hoxe unha peza crave na economía da nosa Comarca. Un sector que compaxina a tradición do cultivo en terraza, a coñecida como "viticultura heroica", coa innovación tecnolóxica na elaboración dun viño de calidade en adega, que compite con calquera denominación do Estado español.

Creo que o sector do viño, ten por diante un gran potencial, que segue crescendo e buscando novas fórmulas de

atracción para clientes e turistas, e por iso, desde o Concello de Monforte, imos seguir traballando para multiplicar os efectos positivos que este sector ten na nosa economía, na nosa sociedade e na nosa cultura.

Como dixen antes, e en nome do alcalde José Tomé Roca e do equipo de Goberno ao que represento, quero agradecer a presenza de todos vostedes hoxe aquí, desexando que a asemblea fose frutífera e permita avanzar na mellora dos viños aos que representan.

Pero tamén lles quero pedir un favor: que sexan embaixadores dos nosos viños, da nosa cidade e da Ribeira Sacra. Hoxe viñeron aquí por traballo, pero gustaríanos que volvesen por lecer, por pracer, que descubrisen a fondo a nosa gastronomía, a nosa cultura, os nosos viños e nosa Ribeira Sacra que, como saben, é candidata a ser declarada Patrimonio Mundial da UNESCO en 2021. Por iso pídolles que se-

xan os nosos embaixadores nos seus lugares de procedencia e que volvan visitarnos. Garántolles que terán a mellor das acollidas".

Sinatura para Patrimonio

Os presidentes das 52 denominacións de orixe asinaron un documento de adhesión á candidatura de Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, desprazouse a Chantada para estampar a súa firma no documento de adhesión, na adega Vía Romana. Por parte das denominacións de orixe do viño, o manifesto leva a rúbrica do presidente da organización que as representa, David Palacios. A firma do documento levou a cabo despois de que os participantes na CECRV realizasen o tramo do Camiño de Inverno que discorre entre os cóbados de Belsar e a paraxe próxima á ribeira do Miño onde se sitúa a adega Vía Romana. O conselleiro de Cultura agradeceu este apoio por vir dun sector "moi impor-



Intervención do presidente da D.O. Ribeira Sacra.

tante non económico e non cultural". O texto é o mesmo que subscribiron os participantes no Encontro Internacional de Reitores do Camiño de Santiago. Os asinantes apoian a candidatura da Ribeira Sacra ante a Unesco "por ser unha representación excepcional da unión entre patrimonio e natureza", unha paisaxe cultural viva "plenamente reconocible nos socos que perfilan estes val fluviais".

O apoio á candidatura de Ribeira Sacra por parte da CECRV ten un alto valor sim-

bólico. Non só pola representatividade deste organismo, que engloba máis de cen mil viticultores e o 98% do viño español con D.O. Tamén adquire gran transcendencia polo feito de que algunhas destas denominacións de orixe tamén aspiran a que a Unesco recoñeza coa declaración de Patrimonio da Humanidade ás súas respectivas paisaxes culturais do viño. É o caso de Rioxa, Priorat e o Marco de Xerez, cuxos consellos reguladores estiveron presentes na reunión celebrada en Monforte.

Galicia

Redacción OURENSE

A Audiencia de Ourense absolve a un exalcalde, dous concelleiros e un director xeral

A Sección Segunda da Audiencia Provincial de Ourense absolveu a catro ex concelleiros do Concello desta cidade dun delito de prevaricación, delito polo que foron condenados o 23 de febreiro do pasado ano polo Xulgado do Penal 2 destas mesma cidade a 7 anos de inhabilitación para emprego ou cargo público. A Audiencia Provincial, ao contrario de como fallara o Xulgado 2 do Penal, non ve a comisión de delito algún en prorrogar unhas contratacións baixo a modalidade de asistencias técnicas.

Deste xeito saen exonerados da prevaricación imputada e confirmada na primeira sentenza, o exalcalde da cidade, o socialista Francisco Rodríguez, os exconcelleiros Áurea Soto e Xosé Fernando Varela, e o entón director xeral de Rehabilitación Urbana, Xosé Carballido Presas. Entende este tribunal que, aínda sendo certo que a actuación dos acusados contraveu a normativa, "non é suficiente que unha resolución administrativa sexa contraria a dereito para que a súa emisión constituía un delito de prevaricación. O control

de legalidade dos actos a Administración corresponde basicamente á xurisdición Contencioso-administrativa, e non tería sentido unha sistemática criminalización dos actos administrativos que non fosen adecuados a dereito ou implicasen desviación de poder". Argumento que resulta concluínte para dispoñer a Audiencia ao contrario de como o facía o Xulgado do Penal. E da que, segundo os maxistrados da Audiencia, "non resultou patente que a conduta dos acusados fose produto da arbitrariedade".

Pintor vigués afincado en Ourense

Rafael Manzano é un pintor vigués asentado en Ourense desde fai catro anos. Durante este tempo realizou sete exposicións dos seus traballos en óleo sobre paisaxes inventadas. "Non copio da natureza que é sabía en si mesma. Non necesito copiar", comenta en Lar da Sabela onde mantén aberta a súa actual mostra. Manzano leva moitos anos pintando, desde que na escola os mestres animáronlle a facelo porque lle dicían que debuxaba moi ben.

Rafael estivo vinte anos en Andorra realizando outras actividades pero os amigos de alí animáronlle a seguir pintando e mesmo expuxo os traballos que realizaba para pasar o tempo



Rafael Manzano.

fôra das horas laborables. Tamén viviu en Soria e expuxo en Caja Duero. En Ourense espera poder expoñer máis "pero fan falta padriños". Con todo, di que "estou orgulloso da acollida que tiven nesta cidade onde realizo algúns encargos para agasallos".

O Salón do Automóvil vendeu 400 autos

O 11º Salón do Automóvil organizado entre Expourense e ACAUTO pechou alcanzando cifras similares a edicións anteriores. Segundo os datos da organización foron 393 os coches vendidos (cifra que podería redondearse cara aos 400 coas operacións que se pecharán estes días xurdidas dos contactos realizados no salón), tanto novos como de ocasión, e 13.500 visitas ao recinto feiral durante as dúas fin de semana que durou o salón.

Trátase por tanto dunhas cifras positivas xa que nestes momentos as vendas de automóviles en Ourense levan un ano experimentando unha baixada do 12%. Os datos positivos desta edición contribuirán a dinamizar as vendas para os resultados de fin de ano. Aínda que as ci-



Autos en Expourense.

fras de vendas desta 11ª edición son lixeiramente inferiores ás do ano pasado (vendéronse 429 coches), hai que ter en conta que en maio deste ano celebrouse unha edición do Car Outlet en Expourense, tamén organizada por ACAUTO, no que foron vendidos 176 coches máis.

A próxima cita en Expou-

rense será a Xornada de Exaltación da Calidade e a entrega dos IX Premios Líderes en Calidade que se celebrará coincidindo co Día Mundial da Calidade, o xoves 7 de novembro. No referente a feiras, a próxima será os días 8, 9 e 10 de novembro coa celebración da 4ª edición de Antiq Auria, Feira Internacional de Antigüidades.

A Carreira Popular do San Martiño chega a súa edición 43

A Carreira Pedestre Popular do San Martiño chega á súa edición número 43, que percorrerá as rúas da cidade o domingo, 17 de novembro. No Concello tivo lugar a presentación da emblemática proba, decana e referente entre todas as carreiras populares que se desenvolven en Galicia. A San Martiño é a "verdadeira festa do deporte na cidade", como manifestou o concelleiro de Deportes, Mario Guede, quen lembrou que o pasado ano 2018 a proba sumou máis de 11.000 participantes nas diferentes categorías, cunha porcentaxe de mulleres superior ao habitual neste tipo de carreiras (37%) e máis de 5.000 escolares.

Na presentación tamén participaron a directora técnica, Marta Míguez, o xerente do Consello Municipal de Deportes (entidade organizadora), Mario González, o vicepresidente da Fe-

deración Galega de Atletismo, Lalo Gómez, a responsable provincial de Caixabank (patrocinador principal) Begoña Abal, o xefe territorial de Deportes da Xunta, Manuel Pérez, e o asesor de Proxectos Estratéxicos da Deputación de Ourense, Bernardino González.

O prazo de inscrición na proba está aberto até o día 10 de novembro a través da páxina web www.deportesourense.com. A cota para a categoría absoluta é 7 euros. Para os colexios, as inscricións de grupos de escolares está aberta até o día 2 de novembro.

A carreira absoluta mantén o percorrido de anos anteriores de 10.000 metros, con saída da Ponte do Milenio e remate en Pardo de Cela. A saída será ás 11.00 h. Ás 12.30 será a saída na categoría escolar, ás 13.20 a da cativada, e ás 13.30 a proba inclusiva.

A Xunta propón crear unha autovía desde o nordeste de Portugal ata A Gudiña

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, reuníronse ma Gudiña con alcaldes de concellos transfronteirizos que reclaman ao Goberno central á creación dunha conexión internacional por autovía entre o nordeste de Portugal e a estación do AVE da Gudiña, onde acordaron que o Goberno galego dará traslado desta proposta á Comisión Hispano-Lusa para a Cooperación Transfronteiriza.

Alfonso Rueda sinalou que a conexión que demandan os alcaldes contribuiría a reforzar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e facilitaría o acceso directo á liña de alta velocidade entre Galicia e Madrid. Os rexedores dos dous lados da "raia" instan ao Goberno de España que aprobe a construción do treito da autovía ata a estación do AVE da Gudiña que corresponde á parte ourensá e, por tanto, ao territorio nacional. No que se refire á postura do Executivo portugués, aclararon, que xa lles manifestara o seu interese por esta conexión da que tería que asumir a maior parte do treito.

Este encontro dá continuidade á xuntanza celebrada o pasado setembro na que os



A infraestrutura reforzaría a mobilidade na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

alcaldes presentaron a súa proposta á Xunta para demandar o seu apoio na promoción da iniciativa ante o Goberno central. Esta nova reunión afianza a cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal para reclamar mellores infraestruturas que faciliten a mobilidade na Eurorrexión.

A conselleira reiterou que o Ministerio de Fomento debe cumprir os prazos para que a conexión de AVE a Madrid estea en probas antes de finais deste ano e funcionando con todas as garantías de seguridade en 2020. Destacou que a finalización do AVE é un obxectivo de país irrenunciable que debe ir acompañado da dotación de trens de última xeración para aproveitar ao máximo as potencialidades a

alta velocidade.

Subliñou que ante a chegada do AVE resulta positiva a alianza dos alcaldes da área da Gudiña e representantes da comarca portuguesa de Tras-os-Montes para sacarlle a máxima rendibilidade a través dunha nova conexión internacional por autovía entre o nordeste de Portugal e a futura estación da Gudiña.

Salientou que esta autovía sería clave para lograr que a estación de tren da Gudiña sexa unha verdadeira porta de Galicia ao AVE e convertería a este municipio ourensán nun nó de comunicacións de transporte ferroviario de viaxeiros da Eurorrexión, coas oportunidades que isto podería abrir para os territorios de ambos os lados da Raia.

O Concello de Muíños quiere unha senda verde



Ángeles Vázquez e Plácido Álvarez.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda estudará a súa posible colaboración nun proxecto para habilitar e construír unha senda verde no Concello de Muíños. Este foi o compromiso que asumiu a conselleira Ángeles Vázquez durante a reunión que mantivo co alcalde deste concello ourensán, Plácido Álvarez, quen lle trasladou o interese do goberno municipal por poñer a disposición de veciños e visitantes esta nova infraestrutura peonil no núcleo de

Muíños.

O rexedor tamén lle trasladou á conselleira o seu interese en levar a cabo varias obras de humanización no seu municipio. A conselleira avanzoulle que o próximo ano o seu departamento volverá a apostar por esta liña de cooperación coas entidades locais, polo que o animou a presentar algún destes proxectos e comprometeuse a estudar posibles vías de colaboración económica entre o seu departamento e o goberno municipal para a súa execución.

Magosto e eleccións en Albor

A sociedade recreativa, cultural e deportiva Albor do barrio do Couto celebra o magosto o día 9 de novembro ás oito da tarde. Ademais de castañas o menú ofrece empanada, bolos preñados, chourizos e bebidas.

Catro días antes, o 5, tamén ás oito da tarde celebrarase a asemblea xeral de socios para elixir ao novo presidente e xunta directiva. Os candidatos terán que presentar a súa candidatura antes desa data.

Pola súa banda a Coral Albor participou no VIII Cer-



O presidente actual Alfonso Muñiz Vázquez.

tame de Música Popular Galega celebrado o día 30 de outubro en Ourense.

O Pereiro, Trives e Río queren entrar na Ribeira Sacra

O pleno do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra recibiu as peticións dos concellos de Pereiro de Aguiar, A Pobra de Trives e San Xoán de Río de entrar na organización intermunicipal. Tamén fixeron algún intento os de Folgoso do Courel, en Lugo, que non o conseguíu, e

Manzaneda, en Ourense, que está pendente. A última palabra sobre estas peticións correspóndelle á Xunta.

As tres peticións serán enviadas á Xunta, que as revisará e decidirá se acepta. Se a resposta é positiva, entón o Consorcio votará se acepta novos socios.

O Consorcio naceu no ano 2005 como a primeira iniciativa con vocación unitaria para toda esta zona xeográfica, na que ata aquel momento cada municipio funcionaba pola súa conta e a parte ourensá e a lucense non estaban tan unidas como agora.

Galicia

PONTEVEDRA

Gonzalo Caballero denuncia que “ás cidades non lles foi ben con Feijóo”

O secretario xeral, Gonzalo Caballero, visitou A Coruña en compañía da alcaldesa da Coruña, Inés Rey. Dende alí, sinalou que “ás cidades non lles foi ben con Feijóo” e avanzou “un compromiso de primeiro nivel” coa urbe herculina cando haxa un goberno progresista á fronte da Xunta.

Durante o encontro con Inés Rey, Gonzalo Caballero visitou o IES Monelos, un centro que exemplifica “a falta de compromiso de Feijóo coa educación pública”, que tralos 11 anos do goberno do PP na Xunta queda “con menos docentes e con menos unidades”.

E se son moitas as “dificultades” que Feijóo deixa na educación pública, non é menos a “crise” que deixa no eido sanitario: “déficit de médicos de atención primaria, menos camas hospitalarias...”, enumerou o líder dos socialistas galegos.

“Non puxo a funcionar o novo hospital nin fixo nada relevante, só o inicio de promesas sen cumprir cando lle



quedan 11 meses á fronte da Xunta”, evidenciou Gonzalo Caballero, quen apuntou que a espera media dos doentes de prioridade 1 para unha operación aumentaron no último semestre “en tres días segundo os datos oficiais do Sergas”.

Caballero contrastou esta situación co “pleno compromiso” dos socialistas coa sanidade e educación públicas, o desenvolvemento da Cidade das TIC e a rexeneración da ría do Burgo.

“Tempo de desconto”

Inés Rey sinalou que Feijóo “non se preocupou dos problemas reais da cidadanía ata

que chega o tempo preelectoral”. “Acórdase no tempo de desconto”, recalcou.

Fronte a isto, a rexedora manifestou que “a Galicia e á Coruña sempre lle foi mellor con gobernos socialistas” e, por iso, chamou a “reeditar o goberno de progreso” o vindeiro 10 de novembro e a relevar a Feijóo cando convoque as eleccións galegas.

Ademais, agradeceu a presenza do deputado socialista no Congreso Pablo Arangüena e da senadora Obdulia Taboada para que a voz e as necesidades da Coruña estean presente en todos os eidos.

O PSdeG propón ao alcalde de Vilagarcía como Presidente da FEGAMP

O secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero, anunciou hoxe que Alberto Varela, alcalde de Vilagarcía de Arousa e membro da dirección do partido en Galicia, será o novo presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Tralo resultado “histórico” do PSdeG nas pasadas eleccións locais, tralas que goberna a máis da metade da cidadanía galega, correspóndelle aos socialistas a presidencia desta entidade e “queremos representar o noso



compromiso co municipalismo na figura de Alberto Varela”.

“Gobernamos tres das catro deputacións, cinco das sete cidades, temos máis dun millar de concelleiros e concelleiras

e máis dun cento de alcaldes e alcaldesas”, detallou Caballero, quen avanzou que a vicepresidencia executiva da Fegamp recaerá nunha alcaldesa do PSdeG.

A Deputación aumenta investimentos cun presuposto de 161,2 millóns en 2020

A Deputación de Pontevedra, con máis dun 30% de transferencias directas fronte á media estatal do 16% ou ao 0,06% que realiza a Deputación de Ourense, segue a ser a deputación provincial que máis recursos transfere aos concellos, tal e como sinalou a presidenta Carmela Silva na presentación dos orzamentos para o 2020. Silva, xunto ao vicepresidente César Mosquera, deu a coñecer o incremento que dende 2015 está experimentando o orzamento, que chegará no 2020 aos 161 millóns de € (un 2% máis que en 2019), ao tempo que se ten reducido drasticamente a débeda: “pasamos dunha institución hipotecada en 41 millóns de € no 2015 a unha administración modélica, que rematará o 2020 moi preto da débeda cero, con 3,9 millóns”.

O orzamento da Deputación para o 2020 será de 160,93



millóns de €, un 2% máis que no 2019, (164,5 millóns co consolidado, é dicir, integrando á Escola de Enfermería e ao Consorcio Provincial contra incendios e salvamento). En liñas xerais, o orzamento da resposta ás cinco prioridades do novo mandato provincial que, tal e como informou a presidenta, son a sustentabilidade e a transición ecolóxica; a economía, innovación e o emprego; o avance socio-cultural e deportivo; a igualdade e a asistencia técnica e económica aos concellos.

Iria Campos e Ramón Troncoso gañan o Depodesafío 2019, tralo Tríatlon de Vigo

A segunda edición do “DepoDesafío”, a esixente proba deportiva da Deputación de Pontevedra, xa ten quen leve a súa coroa. O circuito pechouse este sábado en Vigo cunha auténtica festa do deporte nos arredores da praia de Samil, que serviu para recoñecer a súa gañadora, a atleta lalinense Iria Campos, do Tríatlon Motobike Galaico de Pontevedra, e ao seu gañador, o deportista vigués do Atletismo Porriño Ramón Troncoso, como os vencedores deste ano.

Nesta última proba do circuito se disputaron 750 me-



tros de natación na ría viquesa, 20 quilómetros de ciclismo e 5 quilómetros da carreira a pé, e puido ser seguida en directo polas redes sociais da Deputación.

O Consorcio Provincial de Pontevedra contra incendios e salvamento aproba os seus orzamentos para 2020

O pleno do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, adscrito á Deputación de Pontevedra, e participado ao 50% pola institución provincial e ao 50% pola Xunta de Galicia, aprobou por unanimidade o orzamento para o vindeiro ano 2020. A sesión, presidida pola Presidenta provincial Carmela Silva, deu o visto bo ás contas que ascenderan ata os 3.780.100€, un 2,13% máis que este ano 2019, un orzamento nivelado tanto no estado de gastos como no capítulo de ingresos.

Á sesión plenaria asistiron, amais de Carmela Silva, o vi-

cepresidente do Consorcio e Director Xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva, por delegación da Vicepresidencia da Xunta, e as persoas representantes de ambas as dúas institucións, os deputados Carlos Font e Santos Héctor Rodríguez, e o delegado da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís.

O orzamento de 2020, cuxa tramitación se aprobará directamente cos orzamentos da Deputación de Pontevedra, mantén o esforzo inversor que xa tivo neste ano 2019. De feito, o capítulo de investimentos se incrementa ata un 8,3% e estará destinado fundamentalmente a melloras nas

instalacións dos parques da provincia, á adquisición de material técnico de intervención, e á compra dun vehículo FSV, con capacidade de intervención en núcleos de acceso complicado, onde os vehículos de primeira saída non poden acceder con facilidade polas súas características e dimensións.

Amáis da aprobación do orzamento, o pleno deu tamén luz verde ás bases de execución, o cadro de persoal e de retribucións para o vindeiro ano, así como o informe de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e límite da débeda.

Por outra banda, na sesión



tamén se aprobou por unanimidade a cesión gratuíta de 40 cascos de protección á Asociación Provincial de Agrupacións e Asociacións de Persoas Voluntarias de Protección Civil de Pontevedra.

Finalmente, deuse conta dos informes de intervención sobre

o período de pago a provedores nos meses de abril a setembro que melloraron a súa ratio, sempre dentro dos parámetros que marca a lei, esforzo que foi destacado no pleno, enmarcado no código de boas prácticas e de boa xestión económica do organismo.

A Deputación anima aos concellos a sumarse ao seu stand en Culturgal

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, xunto á deputada de Cultura, Vicky Alonso, mantivo un encontro de traballo con representantes de ata 24 concellos da provincia para abordar cuestións relacionadas coa feira Cultural, que terá lugar entre o 29 de novembro e o 1 de decembro. Neste contexto, Silva animou aos concellos a sumarse ao stand que a Deputación de Pontevedra disporá no evento. “Buscamos unha presenza máis individualizada dos concellos e estamos abertas a que nos formuledes a vosa visión e propostas ao respecto do Culturgal”, asegurou a presidenta.

En liñas xerais, no stand da Deputación terán cabida ciclos e xornadas de música, literatura, cine e teatro; feiras, exposicións e eventos culturais destacados; estudos e publi-



cacións sobre algún tema cultural en concreto; e actividades, accións ou publicacións que recoñezan o labor dun persoeiro ou colectivo cultural. Os concellos terán a oportunidade de participar mediante vídeos preferentemente, pero tamén a través de publicacións e micropresentacións, todo elo en lingua galega.

Os concellos terán ata o 11 de novembro para confirmar a súa asistencia a Culturgal. Ademais, antes do 18 de novembro deberán indicar o título do vídeo así como o

nome da actividade que se van presentar. Os concellos terán ata o 25 de novembro para enviar o material que se vai divulgar no stand da Deputación de Pontevedra.

Na reunión estiveron presentes representantes de ata 24 concellos entre os que se atopaban Barro, Bueu, Cambados, Catoira, Gondomar, O Grove, A Guarda, Marín, Meis, Moaña, Moraña, As Neves, Nigrán, Poio, Ponte Caldelas, Portas, Redondela, O Rosal, Salceda, Sanxenxo, Silleda, Vilaboa, Vilagarcía e Vilanova.

A Depo destina 150.000 euros a equipamentos dos 9 puntos limpos da provincia

A Deputación de Pontevedra vén de aprobar en Xunta de Goberno a adjudicación do contrato de subministración de equipamentos para os 9 puntos limpos da provincia dentro do programa europeo cofinanciado polo Feder ao 75% no marco do programa operativo de cooperación transfronteiriña España-Portugal 2014-2020. Deste xeito, o goberno de Carmela Silva destina máis de 150.000 euros a estas actuacións.

A presidenta da Deputación enzalzou que “o obxectivo deste proxecto ten que ver coa nosa aposta prioritaria pola transición ecolóxica e coa xestión e recollida dos Residuos Eléctricos e Electrónicos”, e explicou que o acondicionamento destes nove puntos limpos permitirá o cumprimento

da normativa europea e española para o tratamento do “lixo tecnolóxico”. Tal e como indicou Silva, os puntos limpos de Silleda, Pontearreas, Mancomunidade do Morrazo, A Lama, A Guarda, Nigrán e Gondomar teñen un prazo de execución do contrato de dous meses; o punto limpo de Meaño, de mes e medio; e o de Vilagarcía, de tres meses.

A Deputación de Pontevedra conseguiu os fondos FEDER e asumiu o liderado do proxecto ESTRAGEE, xunto con outros tres socios españois (Revertia, ERP España e Energy Lab) e dous portugueses (ERP Portugal e Liport). Este proxecto busca dar un salto cualitativo na xestión ambiental e na adaptación á estratexia europea 2020 no ámbito de protección dos recursos naturais e eficiencia na xestión dos residuos.

Congreso Ibérico de Turismo Deportivo en Expourense

O turismo deportivo xera en España ingresos de 13.800 millóns de euros ao ano; está entre as tres principais motivacións dos turistas estranxeiros que visitan España e é, sen dúbida, unha oportunidade para a diferenciación dos destinos e para o seu desenvolvemento económico. Tamén é unha excelente ferramenta para a promoción do deporte e dos hábitos de vida saudables. Estes son os motivos que levaron á organización do I Congreso Ibérico de Turismo Deportivo que se celebrará en Expourense os días 14 e 15 de

novembro de forma paralela e complementaria á terceira edición de Sportur Galicia, Salón do Deporte e Turismo Activo.

O Congreso foi presentado en Expourense polo presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar; polo Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Ramón Lete; pola concelleira de Turismo do Concello de Ourense, Flora Moure; e pola directora adxunta de Expourense, Emma González. Todos eles destacaron o peso do turismo deportivo en Galicia e en especial na provincia de Ourense e no éxito que reporta sempre o binomio “turismo+de-

porte”. O Secretario Xeral para o Deporte achegou ademais datos como que o deporte achega un 2,5 % ao PIB nacional ou que en España existen máis de 34.000 empresas asociadas ao sector que dan emprego a máis de 200.000 persoas. Nestes momentos, o congreso conta xa con máis de 100 rexistrados de toda España e Portugal e espérase superar os 200 participantes.

Este Congreso está organizado pola Secretaría Xeral para o Deporte, a Axencia Galega de Turismo, a Deputación de Ourense e Expourense e conta coa colaboración da Asociación

do Deporte Español e do Concello de Ourense. Trátase dun evento dirixido aos profesionais do sector como poden ser as federacións deportivas; Pemes e autónomos do sector do deporte e o turismo; Axencias de viaxes; Clubs e empresas do deporte; Alumnado e profesorado de ensinos deportivos ou turísticos e Administracións públicas con competencia en deporte ou en turismo.

Contará coa participación de 20 relatores de España e Portugal que son expertos en turismo deportivo, un dos subsistemas turísticos con maior crecemento interanual. Darán

a coñecer casos de éxito de destinos e modelos españois e internacionais que poden ser adaptados e reproducidos por outras entidades e que poden resultar inspiradores para o desenvolvemento económico sustentable de destinos turísticos en todo o mundo. Analizaranse ademais as sinerxias existentes entre os sistemas deportivo e turístico, das que xurdirán oportunidades e ideas para as entidades e persoas que conforman ambos os sistemas. Analizarase tamén o papel do turismo deportivo no desenvolvemento local e urbano e como xerador de emprego.



IBÉRICO de TURISMO DEPORTIVO

14 y 15 de noviembre de 2019 Expourense


www.congresoturismodeportivo.com
info@congresoturismodeportivo.com
T.+34 988 366 030



